

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 17.03.2016

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.04 h do 17.03.2016, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Non asiste o concelleiro:

Juan José Franco Casal

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

De seguido intervén o alcalde que comeza pedindo desculpas porque onte, por unha incidencia informática, non chegaron as convocatorias nun primeiro momento e houbo que envalas novamente dun xeito manual. Prosegue a dicir que a urxencia vén dada polos prazos do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, que rematan mañá.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que a urxencia non só vén dada polas datas, senón que tamén pola improvisación e pola falla de rigor á hora de traballar. O goberno anterior, antes de nada, cando había un plan provincial reuníase cos voceiros, estudaban os proxectos que se podían ou querían facer e logo se pedían os proxectos. Neste PAI, o seu grupo non tivo intervención ningunha, a primeira nova que ten do PAI, fóra da convocatoria, foi a relación de obras que lle deron o pasado martes na Xunta de Voceiros, polo que a súa intervención foi nula. Agradece que conten con eles e que lles inviten a participar como o están facendo. Fóra disto, di que as obras as considera necesarias, pero pensa que hai outros xeitos de facer as cousas e pensa que antes se facían así. Como consecuencia desa improvisación agora están neste Pleno extraordinario e urxente, cando houbo tempo suficiente para facer isto e dar participación a todo o mundo, de feito Cabanas xa ten aprobado o PAI sen tanta urxencia como aquí, chegando a datas límites. Logo o que dicían sempre cando estaban na oposición: chegan os proxectos tarde, non hai posibilidade de os examinar, non se pode ver convenientemente os informes de secretaría, de intervención ou os informes técnicos; lémballes o que eles dicían cando o seu grupo gobernaba como que non se podían aprobar obras nas que non participaban porque non lles deu tempo a mirar os expedientes ou que non puideron contrastar que efectivamente as obras eran correctas ou non, se os informes técnicos estaban ben e demais; todo isto constan nas actas e non se vai poñer agora a lelas, sobre todo as intervencións do grupo municipal do BNG, que nese sentido eran sempre iguais e se abstiñan ou ben votaban en contra dalgún plan provincial. Sen embargo, o seu grupo é un pouco máis responsable e votarán a favor, pero lembra tamén aquelas solicitudes continuas que houbo no senso de vir ao Pleno sen pasar por una comisión informativa, que é o normal, polo que lles roga que non apuren tanto os prazos e fagan as cousas cun pouco máis de tempo e que se faga a comisión informativa, igual que a pediron eles. Non obstante, por responsabilidade, votarán a favor das obras. Di que xa están na segunda quenda, xa foi o POS e agora ven o PAI, logo virá o PAS e dilles que xa van para un ano de goberno, polo que xa chegou o momento de ordenarse un pouquiño e facer as cousas como as hai que facer. Conclúe dicindo que votarán a favor da urxencia e do plan.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que agradece o voto favorable que anunciou o voceiro do grupo municipal do PP. Respecto dos seus comentarios sobre a improvisación, a falla de tempo para ver os informes técnicos, recoñece que os problemas que ten o goberno actual son semellantes aos que tiña o goberno do PP, lembra moitos plenos nos que estaban nas mesmas circunstancias e di que é certo que o actual goberno leva oito meses e están traballando para solventar isto, se traballa na planificación das obras para os últimos dous anos da lexislatura e que poidan acudir ao Pleno con tempo e que os veciños saiban tamén con tempo que obras se van facer e cales non. Non obstante, este goberno está empeñado nun proceso de participación cidadá que é necesariamente moito máis lento que os procesos de decisión que se tomaban anteriormente. Se o custe político do proceso de consulta cos veciños e veciñas significa que teñan que axustar os tempos e andar ás presas, xa pode anunciar que isto é probable que continúe. Non obstante, está convencido de que é posible manter este esforzo de participación veciñal e ademais chegar en tempo e forma. Nos vindeiros plans espera que isto xa se comece a notar, de todos os xeitos dille ao voceiro do grupo municipal do PP que os traballos de planificación estratéxica eran os que eran, é dicir, non existían nin proxectos nin memorias técnicas elaboradas, non deixaron nada. O goberno actual esta comezando a planificalas dende cero e isto leva o seu tempo.

Sometida a urxencia a votación é ratificada pola unanimidade dos concelleiros.

2. Aprobación, se procede, do expediente do “Plan de aforro e investimento (PAI) 2016” da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 16.03.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativa ao “Plan de aforro e investimento (PAI) 2016” da Deputación Provincial da Coruña, no que consta entre outra documentación:

1. Proxecto de obra “Mellora do drenaxe e reforzo do firme no núcleo de Lubián (Sillbre)”, asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros, colexiado núm. 16879, de marzo de 2016 (RXE núm. 2466 do 16.03.2016). Sobre este proxecto consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de canles e portos municipal como informado o 16.03.2016.
2. Proxecto de obra “Pavimentación do camiño do Catalán (Maniños)”, asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros, colexiado núm. 16879, de marzo de 2016 (RXE núm. 2385 do 14.03.2016). Sobre este proxecto consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de canles e portos municipal como informado o 14.03.2016.
3. Proxecto de obra “Pavimentación nos camiños da Revolta a Formosende (Fene), rúa Río Cádavo (Perlio), de Castro dende os Loureiros (Barallobre) e Valadoriro e Valado (Sillobre)”, asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros, colexiado núm. 16879, de marzo de 2016 (RXE núm. 2385 do 14.03.2016). Sobre este proxecto consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de canles e portos municipal como informado o 15.03.2016.
4. Proxecto de obra “Ampliación de beirquarrúas na rua Ameneiral e reforzo MBC (Perlío), remate con formigón na escola unitaria de Magalofes e reforzo MBC no inicio do aceso a Vilar do Colo dende Limodre”, asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros, colexiado núm. 16879, de marzo de 2016 (RXE núm. 2385 do 14.03.2016). Sobre este proxecto consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de canles e portos municipal como informado o 16.03.2016.
5. Informes de intervención e tesourería relativos á redución do endebedamento municipal con cargo ao préstamo provincial do PAI 2016 para a súa amortización anticipada por importe de 22.794,33 euros.
6. Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os devanditos proxectos.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do “Plan de aforro e investimento (PAI) 2016” remata o 18.03.2016, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	22.794,33 €
T O T A L		22.794,33 €

B) Investimentos (obras ou subministracións)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Mellora do drenaxe e reforzo do firme no núcleo de Lubián (Sillbre)	59.986,86 €	0 €	59.986,86 €
Pavimentación do camiño do Catalán (Maniños)	80.451,79 €	0 €	80.451,79 €
Pavimentación nos camiños da Revolta a Formosende (Fene), rúa Río Cádavo (Perlio), de Castro dende os Loureiros (Barallobre) e Valadoriro e Valado (Sillobre)	57.856,53 €	0 €	57.856,53 €
T O T A L	198.295,18 €	0 €	198.295,18 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	22.794,33 €
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	198.295,18 €
TOTAL	221.089,51 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Ampliación de beirquarrúas na rua Ameneiral e reforzo MBC (Perlío), remate con formigón na escola unitaria de Magalofes e reforzo MBC no inicio do acceso a Vilar do Colo dende Limodre	34.807,50 €
TOTAL	34.807,50 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 16 de marzo de 2016
O alcalde
Juventino José Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	22.794,33 €
T O T A L		22.794,33 €

B) Investimentos (obras ou subministracións)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Mellora do drenaxe e reforzo do firme no núcleo de Lubián (Sillbre)	59.986,86 €	0 €	59.986,86 €
Pavimentación do camiño do Catalán (Maniños)	80.451,79 €	0 €	80.451,79 €
Pavimentación nos camiños da Revolta a Formosende (Fene), rúa Río Cádavo (Perlio), de Castro dende os Loureiros (Barallobre) e Valadoriro e Valado (Sillbre)	57.856,53 €	0 €	57.856,53 €
T O T A L	198.295,18 €	0 €	198.295,18 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	22.794,33 €

Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	198.295,18 €
TOTAL	221.089,51 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Ampliación de beirgarrúas na rua Ameneiral e reforzo MBC (Perlío), remate con formigón na escola unitaria de Magalofes e reforzo MBC no inicio do acceso a Vilar do Colo dende Limodre	34.807,50 €
TOTAL	34.807,50 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 9.10 h, de todo o que eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas